

ACTA NÚMERO 1/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 28.01.2016

(A información contida no punto 7- ROGOS E PREGUNTAS foi editado para a eliminación de datos persoais)

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dazaseis, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-
- 2- DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-
- 3- DEVOLUCIÓN IMPORTE PENDENTE PAGA EXTRA 2012 A EMPREGADOS PÚBLICOS.-
- 4- DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO DE CROTO A GUILLUFE E POSTERIOR VENDA DIRECTA.-
- 5- CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS: a. Obradoiros de emprego; b.- Programas integrados; c. Orientación laboral; d. Fondos de compensación ambiental.'alumeado público en Baldaio e Bouzaran - Andoio
- 6- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 7- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión a acta das sesións plenaria nº 12/2015 celebrada o 25 de novembro de 2015 e a nº 13/2015 celebrada o 16 de decembro de 2015, preguntando aos concelleiros asistentes si existe algunha obxección á mesma.

Sometida a aprobación queda aprobada a acta anterior polas persoas que asisten ao pleno.

2.- DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 21.11.2015 comezando polo número 171/2015 ata o día 20.01.2016 que se corresponde co número 4/2016, e dos que os concelleiros teñen copias.

3.- DEVOLUCIÓN IMPORTE PENDENTE PAGA EXTRA 2012 A EMPREGADOS PÚBLICOS.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Cada Administración Pública, no seu ámbito, poderá aprobar dentro do exercicio 2016, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites estabrecidos na disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para 2016.

A lexislación aplicable ben establecida por:

- A disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.
- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.
- O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.

As cantidades que, en cumprimento da citada disposición adicional duodécima, podrán aboarse por este concepto, sobre o importe deixado de percibir por cada empregado en aplicación ao artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, serán as equivalentes á parte proporcional correspondente a 91 días da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro. En aqueles casos nos que non houbera procedido o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, os 91 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que houbera correspondido.

As cantidades que se recoñezan por este concepto ao persoal a que se refire o apartado 5 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, por non contemplarse no seu réxime retributivo a percepción de paga extraordinarias o por percibir máis de dúas ao ano, serán as equivalentes a un 49,73 por cento do importe deixado de percibir por aplicación do mencionado precepto.

As cantidades a aboar minorarán nas cuantías que se houberan satisfeito por estes mesmos conceptos e periodos de tempo como consecuencia de sentenza xudicial ou outras actuacións.

Cada Administración Pública podrá aprobar durante 2016 as medidas a que se fan referencia nos apartados anteriores, tendo en conta a súa situación económica-financieira.

As cantidades satisfeitas por aplicación do establecido na disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, minorarán o alcance das previsións contidas no apartado 4 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo.

O procedemento para levar a cabo a devolución destas cantidades é o seguinte:

1. Incoado o procedemento de oficio ou a instancia de parte, procederase á emisión do informe xurídico e de intervención, no que deberá xustificarse a existencia de crédito, deixando constancia de que a situación económica financieira da entidade permite o abono das cantidades.

Conforme ao apartado Dos.2. letra e) da disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, o persoal que houbera cambiado de destino, que houbera pasado a prestar servizos nunha Administración Pública distinta o que non se encontrara en situación de servizo activo ou asimilada na data de entrada en vigor de dita norma ou que houberan perdido a condición de empregado público, as cantidades seránlle aboadas previa petición dirixida ao órgano de xestión de persoal. No caso de que o persoal de que se trate houbera falecido á entrada en vigor, a petición deberá formularse polos seus herdeiros conforme ao Dereito Civil.

2. Someter a coñecemento do Pleno

3. Notificar aos interesados.

O señor alcalde explica o contido do expediente e unha vez explicado interven a concelleira do BNG dona Pilar García decindo que non entente as porcentaxes, e o señor alcalde explicalle que se fai en base a lexilación e lee a lei a que se refire.

Unha vez aclarada a intervención sometese a votación a proposta da alcaldía e votan:

- A favor: 7 PP e 1 BNG
- Abstención: 2 PSdeG-PSOE, xustifican a súa abstención porque non saben se é verdade ou mentira. Pon en duda todo o sistema presupostario que se ten neste concello.

Polo que queda aprobada nos seus propios termos a proposta da alcaldía, polos señores asistentes.

4.- DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO DE CROTO A GUILLUFE E POSTERIOR VENDA DIRECTA.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Considerando que por Providencia da Alcaldía do 22/09/2015 se incoou expediente relativo á proposta de alteración da cualificación xurídica do ben e posterior venda dun anaco de camiño público Croto a Guillufe, dunha superficie aproximada de 900 m², que dá acceso ás fincas denominadas Chousa do Campo co nº 769 e Espiño do Can co nº 10815 (fracción da finca nº 815) do Plano de concentración parcelaria de Gorgullos, deixando de destinarse ao uso ou servizo público e cambiando a súa cualificación ao de carácter patrimonial.

Considerando que o tramo de camiño a desafectar é só para servizo das fincas citadas e que son do mesmo titular, non causando prexuízos a terceiros.

Considerando aceptados os motivos que se fundamente a Providencia da Alcaldía, e que a través dos documentos que constan no expediente quedan acreditadas a legalidade e oportunidade da desafectación proposta.

Considerando que é competencia do Pleno da Corporación aprobar o expediente e que se seguiu o procedemento sinalado no artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais, PROPOÑO o seguinte:

Primeiro: aprobar provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben, cambiando de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, e a súa posterior venda.

Segundo: anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de UN MES, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes. Igualmente notificarlle persoalmente este acordo ao propietario das fincas lindeiras.

Terceiro: considerar este acordo como definitivo, se non se presentaran alegacións no prazo.

Cuarto: cando o acordo sexa definitivo, reflexar na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica do ben.

Quinto: realizar o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Sexto: facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

O señor alcalde explica mediante un plano de Guillufe cal é o camiño que esta en desuso e dilles cales son os tramites a realizar.

Inteven o concelleiro do PSdeG-PSOE Tomás Liñares decindo que lle parece que esta xestión vai a buscar enfrentamento entre os veciños. Interven Carlos García (PSdeG-PSOE) decindo que si ninguén presentou ningunha reclamación por usar ese trozo de camiño, que sigan así e que o veciño por facer algo ilegal non se debe atender a súa petición.

Sometese a votación e votan:

- A Favor: 7 PP

- En contra: 3, 1BNG non considera un asunto de forza maior vender un ben público, e 2 PSdeG-PSOE, o motivo do seu voto e que considera que non se sigue o procedemento correcto e non teñen información nin saben que opinan os veciños.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS:

a. Obradoiros de emprego

b. Programas integrados

c. Orientación laboral

d. Fondos de compensación ambiental. Alumeado público en Baldaio e Bouzaran - Andoio

O señor alcalde di que a Xunta sacou diversas ordes relacionadas coa formación orientación laboral e as axudas son as seguintes:

A. OBRADOIROS DE EMPREGO

No DOG nº 15 do luns, 25 de xaneiro de 2016 saíu publicada a Orde do 13 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2016, das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Os obradoiros de emprego configúranse como programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, mediante a realización de bras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente con dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza á súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Poderán ser persoas beneficiarias participantes neste programa aquelas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos dezoito anos.

O prazo de presentación das correspondentes solicitudes remata no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1. Solicitar unha axuda a Consellería de Economía, Emprego e Industria para o obradoiro en conxunto co Concello de Cerceda, denominado "CERCEDA - TORDOIA - TRAZO I", durante 6 meses sendo o número de alumnos/as 40.

2. Facultar ao señor alcalde para que subscriba os documentos e convenios que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos Garcia, decindo que está en total desacordo e vai a votar en contra de todos os convenios que se fagan con outros concellos da Mancomunidade, porque é un cambio de cromos entre os concellos, porque nada ten que ver co que figura no papel. Tamén dí que levan 4 anos ofrecendo obradoiros de emprego e dí que espera que os cartos poidan invertirse en carreteras e que os cartos do último obradoiro de emprego están espetados en Castenda para os páxaros e con facturas dudosas.

B.- PROGRAMAS INTEGRADOS

No DOG nº 248 do mércores, 30 de decembro de 2015 sae publicada a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017.

Esta orde ten por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses, facilitándolle as ditas persoas os recursos e ferramentas que melloren a súa empregabilidade, os active laboralmente e lles proporcione competencias transversais que incrementen as súas posibilidades de inserción laboral.

Enténdese por programas integrados de emprego con intermediación laboral aqueles proxectos que combinen accións de diferente natureza, tales como: información, orientación, asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, etc.

O prazo de presentación das correspondentes solicitudes remata no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1. Solicitar unha axuda a Consellería de Economía, Emprego e Industria xunto co Concello de Cerceda, axustándose as bases e base ao convenio asinado.-
2. Facultar ao señor alcalde para que subscriba os documentos e convenios que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

C.- ORIENTACION LABORAL

No DOG nº 248 do mércores, 30 de decembro de 2015 sae publicada a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

Esta orde ten por finalidade o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións ás entidades que realicen accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego

articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación ou da prórroga da contratación de persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego, no ámbito da colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

O prazo de presentación das correspondentes solicitudes remata no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto PROPOÑO:

1. Solicitar unha axuda a Consellería de Economía, Emprego e Industria xunto co Concello de Cerceda e en base ao convenio.
2. Facultar ao señor alcalde para que subscriba os documentos e convenios que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

D.- FONDOS DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL: ALUMEADO PUBLICO EN BALDAIO E BOUZARAN - ANDOIO

Polo señor alcalde dase conta do acordo tomado na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 26.01.2016 que literalmente dí:

“Unha vez visto o DOG nº 246 do luns 28 de decembro de 2015 no que sae publicada a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

1º.- Aprobar o proxecto denominado MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS DE ABELEIRA EN CERCEDA E BALDAIO EN TORDOIA, por un importe de 55.987,63€.

2º.- Solicitar unha subvención xunto co Concello de Cerceda, ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvención do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2016, para o proxecto denominado “mellora de eficiencia enerxética nos alumeados de Abeleira en Cerceda e Baldaio en Tordoia” con un orzamento total de 55.987,63€.

3º.- O Concello de Tordoia, integrante da asociación, acepta expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na ord, así como o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

4º.- Que acordan nomear o alcalde do Concello de Cerceda como representante con poderes suficientes para cumprir con tódalas obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

5º.- Que o concello de Tordoia remitiu antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, as contas correspondentes o exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.

6º.- Que o concello de Tordoia posúe a plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretende realizar a actuación.

7º.- Dar conta do seguinte acordo no próximo pleno.”

Unha vez explicados os expedientes polo señor alcalde sometese a votación e votan

- A favor: 7 PP
- En contra: 2 PSdeG-PSOE
- Abstención: 1 BNG

6.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

O señor alcalde di que nestas subvencións vaise a meter o alumeadado público de Baldaio, e fai mención a pintura da fachada da Casa de Cultura.-

7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O señor alcalde lee as respostas ás preguntas formuladas no pleno do 25.11.2015 polo concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García Vázquez

Resposta pregunta nº 1

Ordenóuselle á Policía Municipal que emitise informe sobre este asunto, donde informan que á entrada destas localidades existen sinais de limitación de velocidade (acompañase copia). O señor alcalde pasalle o informe da Policía Municipal a Carlos Garcia.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que por parte de Deputación xa o van a informar, porque trasladaron as queixas dos veciños e danlle a razón. O que lle piden á Deputación son sinais pintadas na carretera.

Ahora interven a concelleira do BNG Pilar Garcia decindo que considera máis efectivo poñer bandas na carretera.

Resposta pregunta nº 2

A carretera CP-5902 está debidamente sinalizada según consta igualmente no informe da Policía Municipal.

Resposta pregunta nº 3

En relación cos camiões de transporte do lixo , considérase que o están facendo con caixas cerradas e cumprindo a normativa, con todo douse a orde á Policía Municipal para control destes vehículos e posible denuncia en caso de infracción.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE preguntandolle ao señor alcalde si lle da autorización para chamar a Policía Local ás 7:00 a.m., cando vai para traballar, para que eles vexan como van abertos os camiões a esas horas. O señor alcalde dille que os chame sin problema.

Resposta pregunta nº 4

En relación coas obras de mellora no entorno da Igrexa da Viladoabade e a reconstrucción dun alpendre, está incluída no proxecto a cambio da cesión de terreos. O concello está cumprindo co plan de gasto e non teño constancia dun custo de 35.000,00€.

Resposta pregunta nº 5

En relación cos accesos a vivendas na Tarroeira e Saboi da parroquia de Castenda, son obras incluídas nos correspondentes proxectos.

Resposta pregunta nº 6

En relación ao vertido da depuradora da Tarroeira ao río, non se ten recibido advertencia ningunha de Medio Ambiente, nin comunicación do Concello de Trazo, esta obra ten autorización de vertidos con arreglo á lexislación vixente, foi subvencionada pola Xunta de Galicia, podendo ver o seu expediente nas oficinas municipais cando o considere oportuno.

Quero agradecerlle a súa comunicación do fallo detectado nela, así como calquera outro que nos poida informar dos servizos municipais, o que nos levará a súa reparación e mellora de funcionamento dos servizos.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García matizando que non se chama “Río Cabrón” e cree que é de Carballo.

Interven o concelleiro de obras don Amadeo Cancela decindo que vai alí coa responsable de analizar e dí que está ben.

O concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos dí que é unha sorte pos de Trazo, porque a última vez que foi alí cheiraba igual que os camións do lixo.

O concelleiro de obras dí que o informe está nas oficinas municipais e que a auga que sae, sae cos correspondentes análisis.

O concelleiro do PSdeG-PSOE dí que o separador de líquidos contamina, e dillo a ese profesional.

O concelleiro de obras don Amadeo dí que estas depuradoras son diferentes as que facía seu pai (xa que Carlos alegou que seu pai foi 20 anos albañil e sabe como son esas fosas).

A concelleira do BNG dona Pilar Garcia dí que en Soufe apesta (pola ruta do colesterol que fai ela) e pregunta que é o que pasa por alí.

Amadeo dí que ese foi un fallo do concello porque para aforrar fixose a cousa de tal maneira que funcionara de noite co alumeado público e de avería desta puido facer que se votase fora.

O señor alcalde dí que se mirará o de Soufe.

Ahora interven a concelleira do BNG preguntando sobre algo que viu no crónicas sobre unhas sirenas. O señor alcalde respondelle que é un plan de emerxencia por si se desborda o Embalse.

Tamén a concelleira do BNG dí que viu nas actas sobre a Seguridade Social de dona M. C. e pregunta si renunciou á dedicación?, o señor alcalde explica que houbo un engaño e houbo que modificar.

Agora pregunta o de asesoramento á xuventude é un plus para A. R.?

O señor alcalde responde que non recibe ningún soldo extra por este servizo, e a señora secretaria dí que eso é o que se pide para xustificar a subvención.

O señor alcalde dí que cando se contratou a A. R. fixose mediante unha subvención que se foi reducindo e que se amplia os cartos para os gastos.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que non pode aparecer A. R. alí, e a concelleira do BNG dalle a razón e dí que o sacar a oposición ela non pode figurar alí.

A concelleira do BNG entendía que alí polo que dí parece que ela está cobrando un plus e que se percibe un plus de 16.000€ é moito.

O señor alcalde di que A. non percibe nada e que vai a comprobar o tema.

Ahora a concelleira do BNG solicita o arranxo da pista do Pousadoiro (carretera de Carballo), xa que está en malas condicións.

A concelleira do BNG insiste no arranxo da carretera de Santiago que a considera tercer mundista, pide que se controle o peso dos camións, fala das aceras e dí que todos os de Tordoia deberíamos xuntarnos para reclamar, e que non sabe que pensan os de Trazo, pero que habería que facer un escrito. E segue insistindo no tema de amañar o cruce que vai dende a Pontepedra a Gorgullos, que a Deputación levante a carretera e que o fagan en condicións.

O señor alcalde responde que o peso dos camións non ten limitación na carretera e que non é tan fácil, que ten o seu inconveniente porque xa se intentou e os labradores protestaban e ademáis debe facelo o titular da carretera. Tamén lle dí a concelleira de BNG de facer unha petición concreta e remitirla a Deputación.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que xa hai precedentes que xa se debatiu este tema fai 8 anos, e cando fomos as reunións que houbo durante este tempo, nadie considerou prioritario arranxar esa carretera, solo lle interesaba a este concello por eso é o único que ten o traballo feito.

Ahora interven a concelleira do BNG preguntando por xente que esta vivindo en Vilarchán?, o señor alcalde explicalle que son tres familias que estan en risco de exclusión social e estan vivindo en Brandoñas nun espacio aproximado de 40 m2.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE comunicandolle a señora secretaria que vai a vir todos os venres de 09:00 a 14:00 h para ver toda a documentación semanal que se vai xerando e quere que conste en acta.

A concelleira do BNG dí que presentou unha moción sobre as beirarrúas cara á piscina municipal.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:30 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,